

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO CELEBRADA EN DATA 3 DE XULLO DE 2023

ASISTENTES:

Alcalde-Presidente:

D. Ángel Alvariño Saavedra (PSG-PSOE)

Sres./as. Concelleiros/as:

D. Ángel Salvador García Cordero (PSG-PSOE)

D^a. Ángeles Puentes Maceiras (ídem)

D. José Manuel Sanmartín Fornos (ídem)

D^a. María Ángeles Bello Salazar (ídem)

D. Javier Novo Rodríguez (ídem)

D. Eladio Romero Neira (PP)

D. Jonathan Fernández Ríos (ídem)

D^a. Cristina Bouza Bellón (BNG)

D. Rubén Ríos Curbeira (ídem)

D. Carlos Caaveiro Puentes (MOVENEDA)

Na Casa do Concello da Vila de Neda, sendo as doce horas e dous minutos do día tres de xullo de dous mil vinte e tres, convocado en forma regulamentaria, reúnese en primeira convocatoria, baixo a presidencia do Sr. Alcalde D. Ángel Alvariño Saavedra, en sesión de carácter extraordinario, o Pleno do Concello, ao cal asisten os concelleiros e concelleiras que na marxe se relacionan, que son todos os que compoñen a Corporación. Actúa como Secretario o titular deste Concello de Neda, D. Alejandro R. Antelo Martínez.

Sendo a hora sinalada e co *quórum* regulamentario a Presidencia acorda dar comezo á sesión, pasándose ao estudo dos asuntos incluídos na orde do día cursada xunto coa convocatoria, adoptándose, en relación cos mesmos, os acordos que pola mesma orde se pasan a consignar.

1º.- CONSTITUCIÓN DOS GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS E NOMEAMENTO DE PORTAVOCES

O Sr. Secretario da Corporación da conta ao Pleno da presentación dos seguintes escritos de constitución de grupos políticos municipais e de designación de portavoces dos mesmos:

- **Grupo Municipal Socialista (PSdeG-PSOE):** queda constituído por D. Ángel Alvariño Saavedra, D. Ángel Salvador García Cordero, D^a. Ángeles Puentes Maceiras, D. José Manuel Sanmartín Fornos, D^a. María Ángeles Bello Salazar e D. Javier Novo Rodríguez. Desígnase como portavoz a D. Ángel Alvariño Saavedra e como portavoz suplente a D. Javier Novo Rodríguez.
- **Grupo Municipal do Partido Popular (PP):** queda constituído por D. Eladio Romero Neira e D. Jonathan Fernández Ríos. Desígnase como portavoz a D. Eladio Romero Neira e como portavoz suplente a D. Jonathan Fernández Ríos.
- **Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego (BNG):** queda constituído por D^a. Cristina Bouza Bellón e D. Rubén Ríos Curbeira. Desígnase como portavoz a D^a. Cristina Bouza Bellón e como portavoz suplente a D. Rubén Ríos Curbeira.
- **Grupo Municipal Mixto:** queda constituído por D. Carlos Caaveiro Puentes, concelleiro de Movemento Veciñal de Neda (MOVENEDA).

O Pleno toma coñecemento.

2º.- PERIODICIDADE DAS SESIÓNS ORDINARIAS DO PLENO MUNICIPAL

O Sr. Secretario da Corporación da lectura á proposta da Alcaldía:

O 17.06.2023 constituíuse a Corporación municipal do Concello de Neda xurdida das eleccións municipais do 28.05.2023.

O artigo 210.2 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia (DOG núm. 149, do 05.08.1997) (LALGA) regula o funcionamento do Pleno das corporacións locais. Pola súa banda o artigo 46.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril e reguladora das bases do réxime local (BOE núm. 80, do 03.04.1985) (LBRL) establece que o Pleno da Corporación realizará sesión ordinaria como mínimo cada tres (3) meses nos municipios de menos de 5.000 habitantes. Ademais, o artigo 78 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (BOE núm. 305, do 22.12.1986) (ROF) establece que a periodicidade do Pleno será fixada por este no prazo dos trinta (30) días seguintes ao da sesión constitutiva da corporación e non poderá exceder do límite trimestral que establece o devandito artigo 46.2 da LBRL.

Logo de ver canto antecede, no exercicio das competencias que me atribúe a lexislación vixente, propoñolle ao Pleno que adopte o seguinte

ACORDO:

1. As sesións ordinarias do Pleno da Corporación do Concello de Neda terán carácter bimensual, realizándose as sesións o cuarto luns dos meses impares ás 12.00 h. No suposto de que o día prefixado fose festivo ou inhábil, a sesión realizarase co mesmo carácter de ordinaria o inmediato hábil posterior.

Neste senso, correspondería realizar Pleno ordinario no mes de xullo, concretamente o 24.07.2023, un día despois das eleccións xerais convocadas para o 23.07.2023. Por iso, tendo en conta o aumento da carga de traballo que provocan as eleccións e as quendas vacacionais do persoal, procede a súa non realización, agás que xorda algún asunto urxente que así o requira, sendo en caso contrario a realización do primeiro Pleno ordinario o previsto para setembro.

DEBATE: ficheiro resultante da gravación audiovisual da sesión.

VOTACIÓN: O Pleno, en votación ordinaria e por maioría absoluta, presta aprobación á transcrita proposta da Alcaldía, con 6 votos a favor dos Sres./as Concelleiros/as de PSdeG-PSOE, e 5 votos en contra dos Sres./as Concelleiros/as de PP, BNG e MOVENEDA, a cal queda convertida en acordo.

3º.- CREACIÓN DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

O Sr. Secretario da Corporación da lectura á proposta da Alcaldía:

O 17.06.2023 constituíuse a Corporación municipal do Concello de Neda xurdida das eleccións municipais do 28.05.2023.

O artigo 20.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril e reguladora das bases do réxime local (BOE núm. 80, do 03.04.1985) (LBRL), o artigo 59.2.b) da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia (DOG núm. 149, do 05.08.1997) (LALGA) establecen

que a Xunta de Goberno Local existe en todos os municipios cunha poboación superior a 5.000 habitantes e nos de menos, cando así o dispoña o seu regulamento orgánico ou así o acorde o Pleno do seu Concello a proposta da Alcaldía.

Logo de ver canto antecede, no exercicio das competencias que me atribúe a lexislación vixente, propóñolle ao Pleno que adopte o seguinte,

ACORDO:

1. Crear a Xunta de Goberno Local do Concello de Neda para que este órgano colexiado forme parte do sistema da organización municipal para a presente lexislatura (2023 – 2027).

VOTACIÓN: O Pleno, en votación ordinaria e por unanimidade, presta aprobación á transcrita proposta da Alcaldía, quedando convertida en acordo.

4º.- CREACIÓN E COMPOSICIÓN DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS PERMANENTES

O Sr. Secretario da Corporación da lectura á proposta da Alcaldía:

O 17.06.2023 constituíuse a Corporación municipal do Concello de Neda xurdida das eleccións municipais do 28.05.2023.

O artigo 20.1.c) da Lei 7/1985, de 2 de abril e reguladora das bases do réxime local (BOE núm. 80, do 03.04.1985) (LBRL) e o artigo 68 Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia (DOG núm. 149, do 05.08.1997) (LALGA) establecen que as Comisións Informativas deberán existir nos Concellos de máis de 5.000 habitantes e, nos de menos nos que así o acorde o seu regulamento orgánico ou así o acordo o Pleno do Concello, que aprobará o número, composición e funcións a proposta da Alcaldía.

Logo de ver o artigo 123 e seguintes do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (BOE núm. 305, do 22.12.1986) (ROF) que regulan o réxime xurídico das Comisións Informativas.

Pola súa banda, o artigo 127 do ROF regula a Comisión Especial de Contas, establece que se trata dun órgano de existencia preceptiva, de acordo co disposto no artigo 20.1.e) e 116 da LBRL, ao que lle corresponde o estudo e informe de todas as contas e que o Pleno poderá acordar que actúe como Comisión Informativa permanente para os asuntos relativos a economía e facenda da entidade.

Tendo en conta que cada Comisión estará integrada de xeito que a súa composición se acomode á proporcionalidade existente entre os distintos grupos políticos municipais representados na Corporación.

Tendo en conta que por Resolución da Alcaldía 13/2023, do 20 de xuño, se nomearon os Tenentes de Alcalde e se outorgaron as seguintes:

- Delegacións xenéricas:

- 1º Tenente de Alcalde, Ángel Salvador García Cordero: asuntos relacionados coas áreas de Obras, Seguridade Cidadá e 3ª Idade.
- 2ª Tenente de Alcalde, Ángeles Puentes Maceiras: asuntos relacionados coas áreas de Educación, Deportes e Igualdade.
- 3º Tenente de Alcalde, José Manuel Sanmartín Fornos: asuntos relacionados coas áreas de Servizos, Sanidade e Medio Rural.
- Delegacións especiais:
 - A concelleira María Ángeles Bello Salazar: asuntos relacionados coas áreas de Cultura e Turismo.
 - O concelleiro Javier Novo Rodríguez: asuntos relacionados coas áreas de Urbanismo, Medio Ambiente e Xuventude.

Logo de ver canto antecede, no exercicio das competencias que me atribúe a lexislación vixente, propóñolle ao Pleno que adopte o seguinte,

ACORDO:

1. Crear as seguintes Comisións Informativas Permanentes coa denominación e competencias en función das áreas creadas segundo o seu título e coas especificacións que de seguido se indican:
 - I. Comisión Informativa de Economía e Facenda.
Esta comisión actuará tamén como Comisión Especial de Contas.
 - II. Comisión Informativa de Obras, Seguridade Cidadá e Terceira Idade.
 - III. Comisión Informativa de Educación, Deportes e Igualdade.
 - IV. Comisión Informativa de Servizos, Sanidade e Medio Rural.
 - V. Comisión Informativa de Cultura e Turismo.
 - VI. Comisión Informativa de Urbanismo, Medio Ambiente e Xuventude.
 - VII. Comisión Informativa de Servizos Sociais.
 - VIII. Comisión Informativa de Asuntos do Pleno.
Terá como cometido específico coñecer e informar, con carácter previo á realización das sesións do Pleno, todos os asuntos que deban ser tratados por este órgano e que non fosen ditaminados pola Comisión Informativa da área.
2. As Comisións Informativas creadas realizarán sesión ordinaria cunha periodicidade bimensual, agás os meses de xullo e agosto, que por razóns de quendas de vacacións do persoal non se realizarán, agás aqueles asuntos urxentes que motiven a súa convocatoria. Os días e horas da súa realización serán determinados no seo das propias Comisións, na primeira sesión que realicen.
3. De conformidade co previsto no artigo 66.2 da LALGA proponse que as Comisións Informativas funcionen baixo o sistema de voto ponderado. Deste xeito, cada grupo municipal terá un (1) representante e o seu voto terá o valor equivalente ao número de concelleiros/as que ese grupo represente no Pleno.
Así, na aplicación do voto ponderado, en todas as Comisións Informativas haberá un (1) representante do grupo municipal do PSdeG-PSOE e o seu voto equivalerá a seis (6); un representante do grupo municipal do PP que equivalerá a dous (2); un representante do grupo municipal do BNG que equivalerá a dous (2), e un representante do Grupo Mixto municipal que equivalerá a un (1) voto.

4. A adscrición concreta a cada comisión daqueles membros da Corporación que deban formar parte da daquela, en representación de cada grupo municipal, realizarase mediante escrito da voceiría de cada grupo municipal dirixido á Alcaldía, do que se dará conta ao Pleno, podendo designarse un suplente por cada titular.
5. A Presidencia nata de todas as Comisións Informativas será exercida polo Alcalde “ex lege”, sen prexuízo de que a Presidencia efectiva se poida delegar nos Tenentes de Alcalde e Concelleiro/a Delegado/a de cada área, respectivamente. Exceptúase desta delegación a presidencia da Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, que será exercida pola Alcaldía, así como a Comisión Informativa de Economía e Facenda e a Comisión de Servizos Sociais que tamén a exercerá, por ter asumidas como propias as competencias da dita área.
Cando o Alcalde exerza a presidencia efectiva das Comisións Informativas, haberá dous (2) representantes do PSdeG-PSOE, o propio Alcalde e o Tenente de Alcalde ou Concelleiro/a Delegado/a que forme parte daquela. O voto, co valor antes asignado, corresponderalle exclusivamente ao Alcalde, de tal xeito que o outro Tenente de Alcalde ou Concelleiro/a Delegado/a da formación terá voz pero non voto.
6. Tendo en conta que esta Alcaldía, en uso das súas facultades, concedeulles amplas delegacións aos compoñentes do grupo municipal que sustenta o goberno municipal, estímase necesario dispoñer dun órgano colexiado complementario de carácter formal que coordine e controle o exercicio de tales facultades, e neste senso propónse a creación da Comisión de Coordinación das Delegacións de Áreas, xa existente nos tres anteriores mandatos corporativos, que estará formada polo Alcalde, que a presidirá, e polos/as cinco (5) Concelleiros/as que ostentan delegacións da Alcaldía-Presidencia.
Esta Comisión de Coordinación das Delegacións de Áreas realizará sesión ordinaria todos os luns que sexan hábiles ás 12.00 h. No suposto de que o día prefixado fose festivo ou inhábil, a sesión realizarase co mesmo carácter de ordinaria o inmediato hábil posterior. Igualmente, poderá trasladarse a sesión para outro día hábil, cando motivos de axenda dos seus membros non permitan súa realización.

DEBATE: ficheiro resultante da gravación audiovisual da sesión.

VOTACIÓN: O Pleno, en votación ordinaria e por maioría absoluta, presta aprobación á transcrita proposta da Alcaldía, con 6 votos a favor dos Sres./as Concelleiros/as de PSdeG-PSOE, 1 voto en contra do Sr. Concelleiro de MOVENEDA, e 4 abstencións dos Sres./as Concelleiros/as de PP e BNG, quedando convertido en acordo.

5º.- NOMEAMENTO DE REPRESENTANTES DA CORPORACIÓN EN ÓRGANOS COLEXIADOS

O Sr. Secretario da Corporación da lectura á proposta da Alcaldía:

O 17.06.2023 constituíuse a Corporación municipal do Concello de Neda xurdida das eleccións municipais do 28.05.2023.

O artigo 38.c) Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (BOE núm. 305, do 22.12.1986) (ROF) establece que no prazo dos trinta (30) días

seguintes ao da sesión constitutiva o alcalde convocará a sesión ou sesións extraordinarias cara a nomear os representantes da Corporación nos órganos colexiados que sexan da competencia do Pleno.

Logo de ver canto antecede, no exercicio das competencias que me atribúe a lexislación vixente, propóñolle ao Pleno que adopte o seguinte,

ACORDO:

1. Nomear aos seguintes representantes do Concello nos órganos externos que de seguido se citan:

- a) Mancomunidade de Concellos da Comarca de Ferrol:
Titular: o Alcalde Ángel Alvariño Saavedra
Suplente: o 3º Tenente de Alcalde José Manuel Sanmartín Fornos
- b) Asociación de Concellos do Camiño Inglés:
Titular: a Concelleira Delegada María Ángeles Bello Salazar
Suplente: o Alcalde Ángel Alvariño Saavedra
- c) Mesa Local de Comercio:
Titular: o Concelleiro Delegado Javier Novo Rodríguez
Suplente: a Concelleira Delegada María Ángeles Bello Salazar
- d) Consello Escolar Municipal:
Presidente: titular o Alcalde Ángel Alvariño Saavedra
Vicepresidenta: titular a 2ª Tenente de Alcalde Ángeles Puentes Maceiras
Vogais: un (1) representante de cada grupo político:
 - Grupo municipal do PSdeG-PSOE: titular o 3º Tenente de Alcalde José Manuel Sanmartín Fornos
 - Grupo municipal do PP: titular a propor polo grupo municipal do PP
 - Grupo municipal do BNG: titular a propor polo grupo municipal do BNG
 - Grupo Mixto: titular a propor polo grupo Mixto
- e) Consellos Escolares do IES Fernando Esquío, CEIP San Isidro, CEIP Maciñeira:
Titular: a 2ª Tenente de Alcalde Ángeles Puentes Maceiras
Suplente: o 3º Tenente de Alcalde José Manuel Sanmartín Fornos
- f) Fondo Galego de Cooperación e Solidaridade:
Titular: o 1º Tenente de Alcalde Ángel Salvador García Cordero
Suplente: o Alcalde Ángel Alvariño Saavedra
- g) Asociación Seitura 22:
Titular: o Alcalde Ángel Alvariño Saavedra
Suplente: o 1º Tenente de Alcalde Ángel Salvador García Cordero
- h) Comisión de seguimento do Convenio entre o Ministerio do Interior e o Concello de Neda para a incorporación do corpo da Policía Local ao “Sistema de seguimento integral nos casos de violencia de xénero” (VIOGEN)
Titular: o Alcalde Ángel Alvariño Saavedra
Suplente: o 1º Tenente de Alcalde Ángel Salvador García Cordero

- i) Mesa de Coordinación Policial derivada do Procedemento operativo de coordinación y colaboración entre a Comandancia da Garda Civil da Coruña e o Excmo. Concello de Neda (VIOGEN)

Presidente (con competencias na Área de Servizos Sociais): o Alcalde Ángel Alvariño Saavedra

Vogais:

- O/a responsable o/a responsable da Concellería Delegada da área de Seguridade Cidadá: o 1º Tenente de Alcalde Ángel Salvador García Cordero
- A traballadora Social: María Ángeles Dobarro Calvo
- Xefe da Policía Local: Héctor Eduardo Erezuma Pereira

- j) Mesa Local de Coordinación Interinstitucional contra a Violencia de Xénero do Concello de Neda

Presidente: titular o Alcalde Ángel Alvariño Saavedra

Vogais:

- O/A Concelleiro/a que teña atribuídas as competencias no ámbito de Servizos Sociais, que coincide coas atribucións do Alcalde polo que se nomea á Concelleira Delegada da área de Igualdade e Educación a 2ª Tenente de Alcalde Ángeles Puentes Maceiras
- O/A Concelleiro/a que teña atribuídas as competencias en materia de Seguridade, o 1º Tenente de Alcalde Ángel Salvador García Cordero
- O/A Concelleiro/a que teña atribuídas as competencias en materia de Cultura e Educación, a Concelleira Delegada da área de Cultura María Ángeles Bello Salazar
- A persoa que desempeñe o posto de traballador ou traballadora social municipal, María Ángeles Dobarro Calvo
- A persoa que ostente a xefatura da Policía Local municipal do Concello de Neda Héctor Eduardo Erezuma Pereira

DEBATE: ficheiro resultante da gravación audiovisual da sesión.

VOTACIÓN: O Pleno, en votación ordinaria e por maioría absoluta, presta aprobación á transcrita proposta da Alcaldía, con 6 votos a favor dos Sres./as Concelleiros/as de PSdeG-PSOE, e 5 abstencións dos Sres./as Concelleiros/as de PP, BNG e MOVENEDA, a cal queda convertida en acordo.

6º.- TOMA DE COÑECEMENTO DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA

O Pleno toma coñecemento do Decreto 13/2023, de 20 de xuño, da Alcaldía-Presidencia, sobre nomeamento de Tenentes de Alcalde e outorgamento de delegacións, que literalmente transcrito dispón:

DECRETO DA ALCALDÍA

NOMEAMENTO DE TENENTES DE ALCALDE E OUTORGAMENTO DE DELEGACIÓN.

Constituída a Corporación Municipal en data 17 de xuño de 2023, consonte co resultado das eleccións municipais celebradas o día 28 de maio do mesmo ano, habendo resultado elixido Alcalde-Presidente da Corporación na antedita sesión constitutiva, e de conformidade coas atribucións que me veñen conferidas polos artigos 21 e 23 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, polos artigos 43, 44 e 46 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, que aproba o Regulamento de Organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, polos artigos 62 de seguintes da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, e demais concordantes e de xeral aplicación,

RESOLVO:

A) NOMEAMENTO DE TENENTES DE ALCALDE

1º).- Nomeo Tenentes de Alcalde do Concello de Neda e pola orde que se indican, aos seguintes Concelleiros:

- 1º Tenente de Alcalde: D. Ángel Salvador García Cordero (PSdG-PSOE).
- 2ª Tenente de Alcalde: Dª. Ángeles Puentes Maceiras (PSdG-PSOE)
- 3º Tenente de Alcalde: D. José Manuel Sanmartín Fornos (PSdG-PSOE)

2º).- Os Tenentes de Alcalde así designados, exercerán as competencias previstas no artigo 47 do Regulamento de Organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, nos termos que no mesmo se detallan, e coas limitacións impostas polo artigo 48 do mesmo texto legal.

Todo elo, sen prexuízo daquelas outras competencias que lle podan ser atribuídas por delegación, consonte coa normativa legal en vigor.

B) OUTORGAMENTO DE DELEGACIÓNS POLA ALCALDÍA-PRESIDENCIA

1º).- Outórganse as seguintes delegacións xenéricas en favor dos concelleiros que se citan:

- 1º Tenente de Alcalde, D. Ángel Salvador García Cordero: asuntos relacionados coas áreas de Obras, Seguridade Cidadá e 3ª Idade.
- 2ª Tenente de Alcalde, Dª. Ángeles Puentes Maceiras: asuntos relacionados coas áreas de Educación, Deportes e Igualdade.
- 3º Tenente de Alcalde, D. José Manuel Sanmartín Fornos: asuntos relacionados coas áreas de Servizos, Sanidade e Medio Rural.

Así mesmo, outorgo as seguintes delegacións especiais en favor dos concelleiros que se citan:

- Dª. María Ángeles Bello Salazar: asuntos relacionados coas áreas de Cultura e Turismo.
- D. Javier Novo Rodríguez: asuntos relacionados coas áreas de Urbanismo, Medio Ambiente e Xuventude.

2º).- Os delegados nomeados no punto anterior terán amplas facultades para dirixir os asuntos obxecto de delegación así como para xestionalos en xeral, si ben as delegacións non inclúen a facultade de resolver mediante o ditado de actos administrativos que afecten

a terceiros, facultade esta que queda reservada ao órgano resolutorio que legalmente corresponda.

Dende a Alcaldía exerceranse directamente as competencias referidas ás áreas de Facenda e Servizos Sociais, así como as correspondente a calquera asunto que non sexa obxecto de delegación, consonte co establecido na vixente lexislación en materia de réxime local.

O presente Decreto entrará en vigor o día seguinte á súa firma dixital, sen prexuízo da súa preceptiva publicación no Boletín Oficial da Provincia. Así mesmo, notificarase persoalmente aos designados, debendo dar conta do mesmo ao Pleno Municipal na primeira sesión que celebre ao abeiro do preceptuado no artigo 38 do Regulamento de Organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais.

7º.- PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DA BASE Nº 56 DAS BASES DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO DE 2022 (PRORROGADO AO 2023)

O 17.06.2023 constituíuse a Corporación municipal do Concello de Neda xurdida das eleccións municipais do 28.05.2023.

Chegadas as datas actuais, e ante os cambios propostos nas retribucións a aplicar para os vindeiros catro anos de lexislatura e que, entre outros aspectos, afectan aos importes correspondentes ás retribucións a satisfacer aos membros da nova Corporación Municipal,

Tendo en conta que son as Bases de Execución do Orzamento as que veñen a regular estes aspectos, faise pois necesario introducir unhas modificacións nelas, concretamente na base 56ª que regula as retribucións dos membros da Corporación.

Por todo isto, esta Alcaldía, tendo en conta a providencia de inicio deste expediente, así como os informes que obran no mesmo, proponlle ao Pleno que adopte o seguinte,

ACORDO:

1. Aprobación inicial da modificación das Bases de Execución do Orzamento do exercicio 2022 prorrogado ao exercicio 2023, de acordo co seguinte detalle:

“Base 56ª.- Retribucións membros da Corporación:

As retribucións que percibirán os membros da corporación e os grupos políticos desta por tódolos conceptos serán as que se indican de seguido:

1. Grupos políticos:

- Cento noventa e cinco euros mensuais 195,00 € a cada grupo político.
- Setenta euros mensuais 70,00 € por cada concelleiro integrante dos respectivos grupos.
- Cada grupo deberá facilitar ó Tesoureiro municipal o número da conta bancaria na que se farán os ingresos mensuais correspondentes. Lémbrese que no investimento destas cantidades haberá de estarse ó disposto no artigo 73.3

da Lei de bases do réxime local, segundo nova redacción dada pola Lei 11/99, do 21 de abril.

2. Asistencias membros corporación:

a) Alcalde:

- Por asistencia ós Plenos: 355,00 € c/u.
- Por asistencia ás comisións dos delegados de área: 355,00 € c/u.
- Por asistencia ás Comisións de Asuntos do Pleno, Contas ou outras calquera legalmente convocadas agás a Xunta de Goberno Local: 60,00 € c/u.
- No suposto de ausencia do alcalde por vacacións ou enfermidade as asignacións fixadas para o mesmo haberá de percibi-las o concelleiro que desempeñe as funcións da alcaldía-presidencia.

b) Restantes concelleiros:

- Por asistencia ós Plenos: 150,00 € c/u.
- Por asistencia ás comisións de delegados de área: 240,00 € c/u.
(nestas indemnizacións inclúese a asistencia de cada delegado de área ó concello o día fixado para atención ó público, asistencia reglada ó alcalde e realización das labores propias do seu cargo de delegado de área)
- Por asistencia ás Comisións de Asuntos do Pleno, Contas ou outras calquera legalmente convocadas agás a Xunta de Goberno Local: 60,00 € c/u.

Como complemento e para regula-lo percibo das indemnizacións anteriores establécense tamén os seguintes condicionantes:

a) Cando nun mesmo día se leven a cabo dúas ou máis sesións dos órganos que dan dereito ó percibo das asignacións, percibiranse asignacións por cada unha delas na contía que corresponda.

b) O pagamento das cantidades que se devenguen farase previa á liquidación mensual realizada pola Tesouraría e aprobada pola Alcaldía. A xustificación das asistencias farase en base a certificación expedida polo secretario ou funcionario que exerza estas funcións por delegación en cada comisión.

c) As cantidades acreditadas satisfaranse a título persoal de cada perceptor, previa a correspondente retención do IRPF, aplicándoselle a este fin a porcentaxe que se notifique por cada concelleiro, o que deberá facer dentro do prazo de quince días contados dende a adopción deste acordo e, de non presentarse, estarase o disposto na lexislación para tales casos.

As retribucións e indemnizacións dos membros da corporación axustaranse ás normas que en cada momento se elaboren o efecto.

2. Que continúe a tramitación do expediente con inmediata exposición ó público, a efectos de reclamacións, en forma regulamentaria.

3. Que no suposto de non presentarse reclamacións contra o mesmo, considerárase definitivamente aprobada a modificación, unha vez sexa publicada definitivamente no Boletín Oficial da Provincia.

DEBATE: ficheiro resultante da gravación audiovisual da sesión.

VOTACIÓN: O Pleno, en votación ordinaria e por maioría absoluta, presta aprobación á transcrita proposta da Alcaldía, con 6 votos a favor dos Sres./as Concelleiros/as de PSdeG-PSOE, 1 voto en contra do Sr. Concelleiro de MOVENEDA, e 4 abstencións dos Sres./as Concelleiros/as de PP e BNG, quedando convertido en acordo.

8º.- PROPOSTA DE ASIGNACIÓN POR ADICACIÓN PARCIAL ÁO ALCALDE-PRESIDENTE

Constituída a nova Corporación resultante das Eleccións de 28 de maio de 2023, tendo en conta as características do Municipio, a súa cifra de poboación de dereito e a contía do orzamento municipal; e considerando que o volume e complexidade da xestión municipal fai preciso o exercicio do cargo de alcalde en réxime de dedicación parcial, polo que é necesario establecer o importe das retribucións correspondentes.

Considerando o disposto nos artigos:

- 75, 75 bis e 75 ter da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases da réxime local (LBRL)
- 225 da Lei 5/1997, de 2 de xullo, de Administración Local de Galicia
- 13 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídicos das Entidades Locais.

E consonte ás previsións da Lei 31/2022, do 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2023 en materia de limitación de importes das retribucións dos cargos electos.

Logo de ver canto antecede, no exercicio das competencias que me atribúe a lexislación vixente, propóñolle ao Pleno que adopte o seguinte,

ACORDO:

1. Establecer o réxime de dedicación parcial para o exercicio do cargo de Alcalde, dun 60% de porcentaxe da xornada, fixando a retribución por tal concepto na suma de 24.000.- euros anuais, a percibir en doce pagas mensuais.
2. Solicitar, respecto do cargo de Alcalde, a alta na Seguridade Social, asumindo o Concello respecto do mesmo as obrigas que as normas do Réxime Xeral da Seguridade Social imponen ás empresas en relación cos seus traballadores, e concretamente o pago da cota empresarial que corresponda.
3. Autorizar o gasto derivado do presente acordo con cargo ás partidas 912.10000 e 912.16000 do vixente Orzamento.

4. O réxime retributivo establecido en virtude deste acordo será de aplicación a partires do día seguinte a adopción deste Acordo polo Pleno Municipal. A aceptación expresa do réxime de dedicación por parte do nomeado comunicarase ao Pleno na seguinte sesión ordinaria.
5. Nos supostos de incapacidade laboral temporal do cargo aplicaráselle o réxime de complemento de retribucións establecido para o persoal funcionario do Concello de Neda.
6. Para os sucesivos exercicios as retribucións fixadas experimentarán un incremento na mesma porcentaxe que o fixado para o persoal ao servizo do sector publico nas Leis de Orzamentos Xerais do Estado (LOXE) ou calquera outra normativa na que se regulen os ditos incrementos, de ser o caso; co límite dos importes fixados anualmente como límite pola LOXE.
7. Publicar este acordo no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de edictos do Concello.

DEBATE: ficheiro resultante da gravación audiovisual da sesión.

VOTACIÓN: O Pleno, en votación ordinaria e por maioría absoluta, presta aprobación á transcrita proposta da Alcaldía, con 6 votos a favor dos Sres./as Concelleiros/as de PSdeG-PSOE, e 5 abstencións dos Sres./as Concelleiros/as de PP, BNG e MOVENEDA.

E non habendo máis asuntos que tratar na orde do día, polo Sr. Alcalde levántase a sesión cando son as doce horas e trinta e tres minutos do día sinalado no encabezamento, de todo o cal esténdese a presente acta, do que eu, Secretario, dou fe e certifico.

O Alcalde

O Secretario Xeral